

ENTROSO 2012



**Cep Plurilingüe
Igrexa — Valadares**

Equipos de Dinamización Lingüística e
Biblioteca

GUIÓN

- 1.- ORIXE
- 2.- PRINCIPAIS MANIFESTACIÓNS
- 3.- FESTEXOS MÁIS IMPORTANTES
- 4.- OUTRAS MANIFESTACIÓNS
- 5.- GASTRONOMÍA
- 6.- ACTIVIDADES

1. - ORIXE

O Entroido é unha das festas máis importantes do calendario galego. Celébrase en toda Europa dende épocas descoñecidas.

Non se sabe con certeza a súa orixe, pero si sabemos que é, a indicación da fin do inverno e o comezo da primavera.

Provén do termo *Introitum* (que significa a entrada á Coresma).

Entroido significa, a volta ó mundo do revés, a subversión, a ruptura das convencións sociais e o cambio de roles.

As interpretacións do Entroido remóntanse ás festas romanas con intereses agrícolas e gandeiros. Outros falan dunha orixe grega na honra a Dionisios, deus do viño e a inspiración.

O entroido represéntase cun boneco feito de palla, vestido con roupa de traballo e cara de trapo. Cólgase dun sitio alto que domine dalgunha forma a zona de reunión dos veciños.

Esta celebración estivo prohibida na época franquista.

2.-PRINCIPAIS MANIFESTACIÓNS

Os máis famosos son os celebrados en Ourense e Lugo, coma os de Laza, Verín e Xinzo.

Os Cigarróns de Verín son personaxes enmascarados e adornados. A máscara faise a partir da madeira do abedul, a parte superior remata nunha follá de lata engalanada con motivos animais ou vexetais. A vestimenta é moi rica en colorido. Camisa branca con garabata e chaqueta con galóns e as chamadas charreiteiras. Á cintura levan cinturón con chocas por detrás. Visten ademáis calzón corto e medias. O complemento é a fusta, chamada "zamarra" coa que os cigarróns fustigan a aquelas persoas que non manteñen a orde no entroido.

A súa orixe parece estar no século XVI cando o Conde de Monterrey exercía o seu poder empregándoos de cobradores, outros falan de que eran os levantadores da caza pola presenza das chocas.



As Pantallas de Xinzo de Limia son personaxes típicos que visten camisa de felpa e calzón branco, capa vermella ou negra, pano (case sempre vermello), polainas e zapatos negros ademais dunha faixa vermella na cintura xunto cas campaiñas. Nas mans levan dúas vexigas de vaca secadas e infladas cas que percorren as rúas golpeándoas entre sí e facendo tocar as campaiñas da cintura. A súa función é percorrer as rúas vixiando que ninguén estea sen antefaz. O que sexa pillado sen el deberá pagarlle unha ronda de viño ás Pantallas.

A careta faise con cartón, papel de xornal, fieltro, farinha, auga e pintura. Faise nunha soa peza encaixándose na cara e cabeza. Ten cara de diaño con cornos influídos. A parte de arriba está adornada con motivos astrales ou animais totémicos. Arredor leva uns flecos que fan de barba.



Os *Peliqueiros* de Laza son personaxes que se distinguen pola súa animalización: non falan, levan chocas feitas de ferro e bronce coma os animais, zorregan á xente que non os respetan ou se interpoñen no seu camiño e, levántanlle a saia ás mulleres. Os animais como pode ser unha vaca, o burro ou o galo, xa sexa reais ou simulados, simbolizan o Entroido en si e interveñen na festa, ben para ser burlados e escarmentados, ben para actuar activamente facendo falcatruadas..

O traxe está composto por: máscara, chaqueta, pantalón, camisa branca, cinto de onde colgan as seis chocas, gravata e "zamarra" ou látigo. Ademáis leva adornos e outros accesorios.

A máscara é de abedul e a mitra é de aluminio para que pese menos. Leva uns "pompóns" que lle colgan dos extremos.



Os Correoas nalgunhas parroquias realízanse encontros entre Xenerais (vistosamente disfrazados con sombreiros, medallas e fitas que lembran de xeito choqueiro os uniformes do século XIX), adícanse a facer un repaso satírico da vida cotiá. Podemos citar os xenerais de Antas do Ulla.



3.- FESTEXOS MÁIS IMPORTANTES

Domingo Fareleiro ou Borrallento: é costume que os veciños se manchen uns ós outros con borralla ou farelo (a fariña de peor calidade).

Xoves de Compadres: neste día realízase unha tradicional pelexa entre sexos. As mozas fabrican un boneco ou varios bonecos que representan aos homes e tentan queimalo, mentres os mozos loitan por roubarllo.

Domingo Corredoiro ou Oleiro: realízanse celebracións moi diferentes segundo os lugares

En Laza, lánzanse formigas enriba da xente e faise a farrapada, loita con farrapos enchoupados en lama ou esterco. Na Praza Maior de Xinzo celébrase o xogo das olas, onde os participantes se pasan olas de barro, e a aquel que lle rompa debe pagar un rolda.

Xoves de Comadres: ó revés do de Compadres, son os homes os que fan un ou varios bonecos con feitura de muller e son estas quen loitan por sacarllo.

Santo Entroido:

Domingo de Entroido

Luns de Entroido

Martes de Entroido: en moitos lugares celébranse os Testamentos do Entroido (sátiras da realidade e de feitos sucedidos durante o ano, incluíndo ós referidos ós veciños e ás institucións públicas)

Mércores de Cinza: É a data na que todo remata, e a escolleita en moitas vilas e aldeas para enterrar a sardiña.

Domingo de Piñata: É o primeiro domingo despois do mércores de cinza. Antigamente a piñata usábase para a celebración da Coresma. A palabra "Piñata"

deriva do termo italiano "Pignatta" (ola fráxil) a cal se empregaba ese día, enchéndoa de doces e colgándoa do teito para despois rompela cuns paus.

As celebracións do entroido soen ter lugar dende o Domingo ao Martes de Entroido, pero en numerosas localidades os entroidos celébranse ata o seguinte domingo (domingo de Piñata)

4.- OUTRAS MANIFESTACIÓNS DO ENTROIDO

Maceda (Ourense):
Os Felos. Cigarróns, peliqueiros ou Felos son a mesma máscara coas particularidades de cada zona.



San Adrián Cobres (Vilanova- Pontevedra):
Madamas e Galáns.



O "Entroido Dos Cobres", según escritos da época, remóntase a comezos do século XVIII e debe a súa actual vixencia á tradición oral de xeración en xeración.

Entroido Ribeiras (Chantada- Lugo):
Os Volantes, os Peliqueiros, os Mecos e os Maragatos.



Os traxes típicos son tres: os 'volantes', ataviados con vistosa indumentaria son os representantes dos vellos feudais; os 'maragatos' ou 'peliqueiros', gardiáns do señor na época medieval, utilizan roupa vella e cúbreñse con peles de animais; e os 'mecos', que escenifican os problemas da sociedade baixo un tono burlesco.

(É costume pisar as hortas para protexer as colleitas).




5.- GASTRONOMÍA

Dentro da filosofía do Entroido está a de comer e beber ata o límite. En Galicia a comida sempre foi un elemento fundamental, sendo as máis tradicionais as filloas, a cachucha, a bica, as orellas a androlla ou tamén os doces, os chourizos, o lacón ou o caldo que son consumidos en masa e son ideais para estas datas do inverno.





6. ACTIVIDADES

Colorea os seguintes disfraces e carautas



PELOUZEIROS





CANTIGAS

Adeus martes de entroido,
adeus, meu amiguíño,
ata o Domingo de Pascua
non comerei máis touciño.

Baila, baila
coa tía carauta
baila, baila
Entroido lambón

Come filloas
non deixes ningunha
come filloas
Entroido lambón.

CONTO

ENTROIDIÑO, O BONECO

Chegara o entroido. A xente da aldea xuntárase para facer con palla o boneco.

Sabedes como lle puxeron? Chamáronlle Entroidiño.

Entroidiño tiña o corpo de palla e ía vestido con roupas vellas que a xente trouxera das súas casas. Fxérano para queimalo, tal e como o facían todos os anos ao remate da festa.

Cando estivo terminado, collérono entre todos e subírono a un carballo da carballeira, como de costume.

Á tardiña, Brais, un dos nenos, achegouse ao pé do carballo ollando con envexa cara o Entroidiño.

Que sorte! -dixo-. Ti tes pucha, roupa para disfrazarte e mesmo unha careta. Eu non teño nada.

-Se as queres douchas! -respondeu o Entroidiño-.

Brais, ao escoitar esa voz, ficou abraiado, porque non vía a ningún.

- Quen é o que fala? -preguntou-.

- Eu, eu! -dixo o Entroidiño-.

O Brais ollaba ao seu redor e non vía nada.

- Non, home, non! Mira cara arriba. Son Entroidiño.

Dun brinco, Entroidiño baixou da árbore, deulle a roupa e axudouno a disfrazarse. O Brais, ledo coma un cuco, foi contar a todos e todas, canto acontecerá.

Todos xuntos decidiron que aquel Entroidiño non podía ser queimado, xa que fora bo e xeneroso.

Agora os nenos e nenas teñen un novo amigo.

Xa sabedes como se chama, non sí?.

COMPREENSIÓN LECTORA




1. Que festa chegou?
2. Que fixeron as nenas e nenos?
3. Como era?
4. Que nome lle puxeron?
5. Quen era Brais?
6. Por que estaba triste?
7. Quen lle falaba?
8. Como rematou a historia?

ACTIVIDAD PLÁSTICA

Segue os seguintes pasos:


1º Este será o noso Entroidiño




AGORA ENTRE TODOS E TODAS IMOS PONERLE A CARALUTA, OS PELOS, A PUCHA, AS PALLAS DAS MANS E DOS PÉS, E TAMÉN IMOS ADORNARLE A CHAQUETA E O PANTALÓN E MÁIS FAREMOSLLE OUTROS AMIGOS E AMIGAS
¡A VER! COLLEDES CADANSÚA FOLLA DE XORNAL E A SUXEITADES COMO FAN ESTAS AMIGUÍNAS E AMIGUÍNOS.

- AGORA IDES ESGAZANDO ATA ABAIXO, DEREITINO. ASÍ FAREMOS OS PELOS E MÁIS AS PALLAS.

- IDELAS COLOCANDO ENRIBA D'UNHA MESA CLASIFICANDO, LONGAS CON LONGAS PARA OS PELOS, MEDIANAS CON MEDIANAS PARA OS PÉS E CURTAS CON CURTAS PARA AS MANS.




2º Pegamos en papel embalar a chaqueta e o pantalón recortados en cores diversas



- PINTAAS DA COLOR DA PALLA. TES MOITAS COLORES NAS QUE ESCOLLER. TAMÉN PODES CONSEGUIR OUTRAS COLORES MESTURANDO PINTURAS NUN CACHARRIÑO DISTINTO DOS TARROS DA PINTURA.

- CADA UN COLLE 5 TIRAS E AS PON SOBRE UNHA FOLLA DE XORNAL PARA PINTALAS CUNHA ESPONXA MOLLADA EN PINTURA DE DEDOS OU TEMPERA.



- UNHA VEZ COLOREADAS AS TIRAS TENDES QUE DEIXALAS SECAR



ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN

CONTESTA:

1. Como se chamaba o rei do país aburrido?
2. A quen chamou?
3. Que nome tiñan os sabios?
4. Que misión lles encargou?
5. Quen era Teucro?
6. Que celebraban na vila?
7. Que facían na praza?
8. Como solucionou Urco o problema do seu país?

VERDADEIRO OU FALSO

A xente do país de Urco divírtese moito.

Os sabios van percorrer o mundo.

Os sabios chegaron a outro planeta.

Teucro e o seu pobo ían celebrar o entroido.

Urco vén nun avión.

Na praza todos estaban tristesiros.

ESCRIBE PALABRAS
QUE EMPECEN POLAS
LETRAS DA PALABRA
ENTROIDO.





E
N
T
R
O
I
D
O

PROBLEMA:

- Na praza da vila, Urco comeu 13 filloas. Teucro tragou 11. Cantas filloas comeran entre os dous?

Entre os dous comeran filloas.

ORDENA AS CARAUTAS NO ESCAPARATE DESDE A MAIS BARATA A MAIS CARA.

 A 19 EUROS	 B 27 EUROS	 C 17 EUROS	 D 21 EUROS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



- Se teño 20 Euros. Que carautas podo mercar?

RODEA DE AZUL A QUE TEN O NÚMERO SEGUINTE Ó 11.6

INDICA AS UNIDADES E AS DECENAS DE CADA CARAUTA.

	DECENAS	UNIDADES
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

- Se compro estas carautas, cantos euros gastarei?



SOPA DE SÍLABAS



ATOPA COUSAS
DO ENTROIDO.

<div style="display: flex; flex-wrap: wrap; gap: 10px;"> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px 5px;">CA</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px 5px;">FRA</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px 5px;">ÑA</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px 5px;">MAS</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px 5px;">CE</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px 5px;">LLO</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px 5px;">FI</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px 5px;">TA</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px 5px;">RAU</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px 5px;">DIS</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px 5px;">A</div> <div style="border: 1px solid black; padding: 2px 5px;">PI</div> </div>	<div style="border: 1px solid black; height: 100%;"></div>
---	--

CONTÓ

O entroido é o reinado de Momo, deus da risa e da burla.

En Galicia son famosos os Entroidos de Laza cos peliqueiros, vestidos con calzón de seda recuberto dun curioso trezado, medias brancas, chaquetiña, camisa branca, gravata, faixa de seda e gran cinturón con cinco ou seis chocas de gran tamaño, carauta de madeira pintada e na cabeza un gorro de lata con debuxos frontais entre os que se ven o sol e a lúa e por detrás unha pelica de cordeiro, can, gato ou raposo co rabo cara abaixo.

Coñécense cos nomes de: felos, cigarróns, murrieiros, choqueiros e churrúas.

Son semellantes e tamén moi antigos e vistosos os de Xinzo.

En Vigo había os escabicheiros que levaban entre as pezas da súa indumentaria un chaleque que tiña no lombo un sol, unha lúa, un galo ou galiña, e na cabeza levaban un gorro de pano branco cunha cinta vermella ou verde e uns recortes de pano que representaban a cabeza e o rabo dun galo ou dunha galiña.

En Cotobade (Pontevedra) saían as máscaras denominadas vellos, vellas, maragatos, madamitos, muradanas e lanceiros.


No Ulla son famosos os xenerais.



COMPRESIÓN LECTORA

1. Cal é o deus da risa?
2. En que época se celebra o reinado do deus da risa?
3. Cita os nomes dalgúns entroidos famosos de Galicia.
4. Explica como é o traxe dos peliqueiros.
5. Que levan os peliqueiros no cinturón para facer barullo?
6. Como é a carauta dun peliqueiro? Descríbea e debuxa unha.
7. Escribe outros nomes que se lles dean aos peliqueiros.

ENCRUCILLADO



Horizontais

- a.- Grupo de xente disfrazada.
- b.- Vogal. Fago a masa das orellas (ó revés).
- c.- Número Romano. Terminación verbal.
- d.- Dous que cantan. 500.
- e.- En + o (ó revés). Vocal. Letras finais da palabra anis.
- f.- Bótaselle ó caldo.
- g.- Postre típico do Entroido (en plural).
- h.- Bandá de goma que se emprega para suxeita-las medias nun disfrace.
- i.- (ó revés) Postre típico do Entroido, (plural).

Verticais

- 1.- Negación. Nota musical. Vocal.
- 2.- Vogal. Tamén se lle bota ó caldo. Consoante para formar plurais.
- 3.- Deus da risa e da burla. Cadro coas fotos dos que rematan unha carreira de estudos.
- 4.- Consoantes. Vocais.
- 5.- Vogal repetida. Consoantes.
- 6.- Desordenadamente, MAR. Vila onde se celebra a festa do cocido (ó revés).
- 7.- Peixe. Vogal.
- 8.- Vogal. Socorro. Consoante.

TRABALLAMOS A LINGUA

1.- Forma oracións engadindo predicados:

1. As filloas
2. O entroido máis bonito
3. A comida de hoxe
4. Esta cacheira

2.- Subliña de azul o suxeito e de vermello o predicado:

1. A orella de porco gústame moito.
2. Miña nai non fixo chourizos ceboleiros.
3. Este ano voume disfrazar de bruxa.

3.- Clasifica estas palabras polo número de sílabas e máis polo acento: Boneco, borralleiro, piñata, choqueiro, cigarrón, tradicional, peliqueiro, paxaro, cantábamos, fixádevos.

4.- Nesta cantiga, subliña de vermello os verbos e de azul os nomes:

“Xa ven o Entroido
disfracémonos todos
comeremos cacheira
comeromola enteira.”

5.- Nesta cantiga subliña as contraccións e rodea os diminutivos:

“ Viva o Entroido, viva o Entroido
e a cachola do porquiño
que hoxe ímola comer
cocidiña cuns greliños”

AVERÍGUA:

1.- Antón tardou 8 horas en facer o seu disface.
Cantos minutos tardou? Cantos segundos?

2. O enterro da sardiña empeza ás 4 h. en punto.
Cantos minutos faltan se o reloxco ten a agulla pe-
queña no 3 e a grande no 5.

3- Nunha festa de disfraces había un millar de per-
soas vestidas de personaxes históricos. Cantos cen-
tos de disfraces había? Cantas decenas?.

4.- Unha comparsa de romanos levaba unha pan-
carta na que aparecían estas cantidades: XL; CXLVIII;
MXLVII. Que cantidades son na nosa enumeración?

6.- Unha señora meteu na pota 2kg de carne de porco, 3 chourizos de 128 gr. cada un, 1 kg de fabas, 1 rabo que pesaba 150 g, unha cacheira de 1 kg e medio e medio kilo de patacas.

Cantos gramos xa leva metidos?.

RECEITA DO ENTROIDO "ORZELLAS"

Ingredientes: 800 gr de fariña; 100 gr de manteiga de vaca, 2 ovos, un vaso de auga morna, unha copa de anís, azucre, manteiga ou aceite e sal.

Preparación: Mestúranse a manteiga derretida coa auga, logo engádense os ovos, o anís e o sal; de seguido pouco a pouco, engadimos a fariña ata formar unha masa, que traballaremos moito. Por último estarricarémola cunha rodela e cortarémola en rectángulos, que fritiremos en manteiga ou aceite, a elixir. Xa fritidas esparécese azucre.

Ordea os seguintes pasos:

Engadir a fariña

Salgar

Mesturar a manteiga e auga

Engadir os ovos e o anís

Fritir

Derreter manteiga

Cortar en anacos

Pasar a rodela

Esparecer azucre

Traballar a masa

MAPA DO ENTROIDO EN GALICIA



Sitúa no mapa as localidades onde son típicos os seguintes entroidos: Madamas e Galáns, Xenerais, Peliqueiros, Pantallas, Cigarróns, Choqueiros, Escabi-cheiros

REGUEIFAS

As *regueifas* galegas están relacionadas co Rap (estilo musical propio do Bronx neiorquino). As *regueifas* xorden fundamentalmente cun propósito de denuncia social, empregan o humor e a ironía e relatan a realidade que lles toca vivir.

EXEMPLO:

Á parroquia de Borneiro
eu quéro lle de verdá
nela criei os meus fillos
todo cheo de ansiedá.

Á parroquia de Valadares
eu aprezoa de verdá
nela criei os meus fillos
e agora sinto felicidade.

Téño pasado moi ben
na carballeira de Baio;
cantando cos meus amigos
sentíame relaxado.

Téño pasado moi ben
no torreiro de San Campio
cantando cos meus amigos
disfrutando caladiño.

Cando ía á festa a Sinde
á casa de miña nai
eu cantáballe para todos
cousa que agora non hai.

Cando ía á festa do Castro
con todos os meus amigos
eu cantáballe para todos
pero agora xa non imos.

(Regueifa de Severo Rodríguez)

(Regueifa inventada)

ACTIVIDADE: A partir da seguinte *regueifa* elabora outra similar cambiando os versos destacados.

Acórdome deses tempos
cando eu era rapaz,
de cando estiveren servindo
alí na costa de Zas.

Marchei coas vacas de noite
dixeron: vai caladiño.
E mandáronmas botar
dentro do herbal dun veciño.

Esa é a pura verdade,
anque eu son só testigo
para que non tivese medo
mandaron o can conmigo.

O can púsose a ouvear
eu tratei de me esconder
pensando se era o lobo
que me quería comer.

Metinme entre unha Silveira
por ver se alguén me vía
alí estiveren cheo de medo
mentras non veu vindo o día.

(Requeifa orixinal de José González Muíño)

ENTROIDO

SOLUCIÓN DO ENCRUCILLADO

	1	2	3	4	5	6	7	8
A	C	O	M	P	A	R	S	A
B	A		O	S	A	M	A	
C			M			A	R	
D	D	U	O				D	
E	O	N		A		N	I	S
F		T	O	U	C	I	N	O
G		O	R	E	L	L	A	S
H	O		L	I	G	A		
I		S	A	O	L	L	I	F

REFRÁNS:

- Martes de entroido, cando has de vir; casquiñas de ovos, case habedes de ruxir.
- Non todos os martes son días de entroido; ou Todos os días non son martes de entroido.
- O entroido ao tizón, a Páscoa ao sol.

